

PEZA DO MES

febreiro

2015



COLECCIÓN DE FUSÍS

XUNTA DE GALICIA

Armas militares Brown Bess e Remington

A convulsa historia de España durante o século XIX propiciou a distribución de inxentes cantidades de armas, non soamente entre os exércitos regulares ou rebeldes, senón tamén entre a poboación civil. Foron moitas as vivendas rurais que gardaron armas de guerra nas súas adegas ou sobrados procedentes ben dos exércitos, ben das partidas de guerrilleiros que combatían no país. Moitas delas desapareceron comidas pola ferruxe e a couza, pero outras chegaron ata nós en condicións aceptables, configurando curiosas mostras da tecnoloxía militar e do enxeño transformador dos talleres autóctonos que, por necesidade, permitiron manter en uso armas absolutamente desfasadas.

Entre as armas de fogo que perduraron por diversos motivos están os catro fusís, dous deles convertidos a trabucos, que o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense garda entre a súas coleccións; artefactos que representan a evolución das armas básicas da infantaría entre os séculos XVIII e XIX.

Os «trabucos» Brown Bess.

Os dous «trabucos» que presentamos son transformacións dunha das armas de fogo máis empregadas durante os séculos XVIII e XIX: o fusil inglés «Brown Bess» (chamado así quizais polo pavonado marrón que o recubría), tamén coñecido xenericamente como «Tower» en alusión á inscrición que leva na platina que soportaba a chave.

Esta arma, denominada oficialmente Land Pattern Muskett, será o equipamento básico da infantaría de liña británica durante a maior parte do século XVIII e parte do XIX. É un «mosquete» de avancarga, longo e pesado, de ánima lisa e gran calibre (c.19 mm). Como bondades deste mosquete hai que destacar a súa construción robusta e a fiabilidade do seu reforzado mecanismo de chispa; como inconvenientes debemos anotar o seu escaso alcance e a reducida velocidade do proxectil, que non obstante estaba en liña coas armas similares da súa época. As súas proporcións son hoxe imponentes: 150 cm de longo, e 4,5 kg de peso, que se complementaban cunha baioneta de 50 cm para o «corpo a corpo» ou facer fronte á cabalaría.

Este robusto fusil chegou en grandes cantidades a España durante a Guerra da Independencia (1808-1814) e, posteriormente, volvéronse importar milleiros de unidades para armar os exércitos durante as tres guerras carlistas (entre 1833 e 1876).

Os exemplares do Museo están notablemente modificados, pois en primeira instancia foron convertidos (posiblemente en orixe) a percusión mantendo os trades que fixaban o resorte do restrelo á platina da batería, e posteriormente viron recortado o seu longo canón de

fusil, abucinándolles as bocas de fogo, para convertelos en trabucos - carabinas. Os canóns son de aceiro; o máis antigo con gornicións de latón e o outro de ferro. A madeira é de nogueira. Malia ser armas dun mesmo modelo e ter sufrido unha transformación similar amosan diferenzas de detalle na caixa, na platina e no canón, pois eran armeiros particulares os que facían fronte, mediante contratas, ás necesidades do exército, propiciando dentro da uniformidade necesaria entre armas de produción masiva, certas diferenzas nos acabamentos. Conservan as marcas inglesas orixinais propias destas armas: nas platinas a inscrición «Tower» (que dende 1764 indica que cumpre os estándares militares da Board of Ordenances da Torre de Londres) e máis as letras GR (*Georgius Rex*) e «V» coroadas que demostran a pertenza á Coroa Británica. Un dos trabucos tamén ten sobre a recámara o punzón coas dúas alabardas cruzadas propio do banco de probas de Birmingham que se empregou dende 1813 nas armas militares.

Todas as modificacións citadas foron moi frecuentes mediado o século XIX, permitindo aproveitar circunstancialmente unhas armas de canón liso que carecían de precisión e estaban en desvantaxe nos campos de batalla fronte ás armas raiadas, de máis alcance e posibilidades de impacto, que xa empezaban a ser habituais nos exércitos. O uso militar destes trabucos restrinxíase a distancias moi curtas cargándose con postas, constituíndo polo tanto unha arma moi apropiada para as tropas montadas.

Aínda que conservan marcas e punzóns resulta extraordinariamente complicado datalas con precisión. Cronoloxicamente estarían entre 1764, momento en que se comeza a empregar a inscrición «Tower» e 1830, data da morte de Xurxo IV. Soamente o punzón de Birmingham permite restrinxir nun caso o abano cronolóxico entre 1813 e 1830. A substitución oficial destas armas no exército británico ocorre en 1853 coa adopción do fusil Enfield, non obstante seguíronse empregando ata 1860 en unidades de segunda liña.

Os Fusís Remington, modelo 1871 calibre 11 x 57.

Logo das vitorias obtidas polos prusianos contra os daneses en 1864 e sobre todo, a raíz do desenlace da famosa batalla de Sadowa (1866), na que os austríacos foron derrotados polo exército de Prusia, as grandes potencias da época empezaron a estudar a posibilidade de ter unha arma de retrocarga que equilibrase de novo as forzas no continente europeo.

Aínda cos notables inconvenientes do sistema de ferrollo e retrocarga Dreyse no relativo á obturación da recámara e máis á fragilidade da agulla percusora, a adopción deste tipo de arma en 1848 proporcionou durante varios anos unha vantaxe a Prusia que os estados maiores das potencias veciñas tardaron en solucionar. É a Guerra Austro-Prusiana o momento que marca o total declive das armas de avancarga e o auxe definitivo dos mecanismos de retrocarga.

Quedou patente en Sadowa que as armas de pistón xa non tiñan sitio nos campos de batalla fronte ós novos sistemas de cartucho completo que se viñan empregando con éxito dende tempo atrás, incluso combinadas cos cartuchos metálicos que os Dreyse prusianos nunca chegaron a posuír.

A historia do fusil Remington é paralela ás preocupacións dos gobernos por ter armas de guerra fiables de retrocarga e comeza durante a Guerra de Secesión nos Estados Unidos (1861-1865). Alí ambos bandos empregaron armas de retrocarga e cartucho metálico dos tipos Lefauchaux para pistolas e máis Spencer, Evans (as dúas de repetición) ou Sharps (esta última inicialmente con cartucho de papel) en carabinas para a cabalaría. É neste tempo, 1864, cando Remington patenta o coñecido sistema Rolling-Block que caracteriza ós fusís que presentamos.

Vistas as «vantaxes» deste tipo de armas, cara 1865 case que todos os países europeos tiñan en estudo a súa adopción, se ben en cada lugar os sistemas escollidos foron variados e de resultado diverso, pois todos eran unha relativa novidade no mercado das armas militares e non había unha diferenza clara que inclinara as preferencias cara un mecanismo concreto. Así os franceses adoptaron o Chassepot que pouco despois evolucionou ó Grass (de cartucho metálico), os británicos empregaron o sistema Berdan e logo o Martini (con todas as súas variantes) e os prusianos o citado Dreyse (a Alemaña unificada inclinouse polo Mauser).

España, por aquel entón con problemas internos (Guerras Carlistas), territorios en incipiente proceso de secesión (Cuba e Filipinas) e intervencións periódicas no norte de África, contaba desde 1867 cun fusil de retrocarga e cartucho metálico. Este fusil considerouse un arma de transición pois non era máis que o «vello» modelo 1859 transformado a retrocarga co acreditado e fiable sistema Berdan (tamén se modificaron do mesmo xeito as carabinas modelo 1857). Aínda así permanecía a necesidade de dotar ó exército español cun arma que dese ó soldado unha clara vantaxe ante o inimigo.

Nesta situación e logo de avaliar as mellores armas do momento, optouse por facer un pedido a Remington de 10.000 fusís dos empregados durante a Guerra de Secesión nos Estados Unidos que foran reconvertidos a retrocarga co sistema Rolling-Block. O seu uso resultou satisfactorio, tanto mecánica como balisticamente polo cal, por Real Orden de 24 de febreiro de 1871, quedaba declarado regulamentario para o exército español o «Fusil Remington, modelo 1871 co calibre 11,15 x 57 mm». Non obstante, como todo é susceptible de mellora, en 1889 os oficiais de artillería Freire e Brull propuxeron algunhas modificacións no cartucho para mellorar as súas prestacións mentres se avaliaba un arma de repetición para substituílo (o relevo produciuse en 1892 co sistema Mauser). Este modelo modificado é o chamado 1871/89 R (de Reformado).

Durante a súa longa vida de servizo, estimada en principio en 25 anos (20 para Filipinas), este fusil

sufriu moi poucas modificacións, sendo quizais a máis destacable o seu «cambio» de calibre que pasou de ser o 11,15 x 57 Remington con bala oxival de chumbo sen cuberta (43 Spanish) ó 11,4 x 57 R de bala blindada e cartucho troncocónico (o anterior tiña forma de botella). Ás unidades así modificadas marcóuselles un «R» sobre a recámara e adaptáronse os elementos de puntería ó novo cartucho, máis potente e de maior alcance que o empregado ata o momento.

Este fusil serviu principalmente na III Guerra Carlista (aínda sen reformar), e malia ser substituído polo fusil Mauser en 1892, despois de levar 21 anos de servizo, tamén estivo presente nas guerras de Cuba e das Filipinas.

As súas características técnicas son, a grandes riscos, unha lonxitude total de 1.310 mm (máis 520 mm da baioneta de cubo) pertencendo 930 mm ó canón de 11 mm, que tiña catro raias á dereita, cun peso total de 4.500 gr.

O seu principal centro de produción en España foi a fábrica de armas de Oviedo (un dos exemplares presenta o acrónimo «AR.O» coroadado, marca desta factoría), aínda que tamén se manufacturaron exemplares na fabrica de armas de Placencia en Guipúscoa. A súa sinxeleza e fiabilidade fixeron desta arma un obxecto moi popular nos campos de batalla e non é raro atopar exemplares importados de procedencia moi diversa, sendo os máis destacables pola súa calidade os fabricados pola propia Remington en Ilión (Nova York) nos Estados Unidos, orixe da segunda unidade que amosamos.

O seu éxito débese o sistema de funcionamento chamado Rolling Block ou de rotación retrógrada. Este tipo de peche ten o bloque de obturación cun eixo transversal situado nun plano máis baixo ó eixo do canón, e o peche está atravesado pola agulla percusora.

O calibre do fusil Remington 1871, que estaba na liña marcada polos mellores fusís militares do momento, ten un diámetro próximo ós 11 mm, o cartucho leva unha carga de pólvora de 5 gr para o fusil e de 4 gr para os mosquetóns, carabinas e tercerolas que cun canón máis curto non aproveitarían a carga máis potente do fusil, incrementando o retroceso e dificultando a puntaría.

Dadas as grandes cantidades deste fusil que se gardaban nos parques de armamento do exército e nos cuarteis da Garda Civil en 1936, ó comezo da Guerra Civil, a necesidade de material por parte de ambos bandos fixo que estivese presente nos combates, pasando logo a unidades de segunda liña, pois este fusil xunto cos seus derivados (mosquetóns e carabinas) xa eran entre as armas militares auténticas pezas de museo.

As armas Remington Rolling-Block foron moi copiadas podéndose atopar en España carabinas de gardería, rifles de caza e escopetas, a maioría de produción vasca e dos anos vinte do século pasado. Actualmente aínda se emprega como arma de caza debido á contundencia do seu calibre e á súa precisión.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Juan Manuel González de Carballo


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 







XUNTA
DE GALICIA